

Manifesto do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

2 de abril de 2026

No marco do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo 2026, desde Autismo España reiteramos o noso compromiso coa visibilidade, os dereitos e a inclusión das persoas autistas, adheríndonos ao “Manifesto polos dereitos e a inclusión das persoas autistas” promovido por Autismo Europa, organización da que formamos parte.

Porque as persoas con autismo non son invisibles, forman parte da nosa sociedade, e teñen dereito a participar nela en igualdade de condicións. Ademais, son infinitas, porque cada unha precisa apoios individualizados adaptados ás súas circunstancias e á etapa vital na que se atope.

Uns apoios especializados que as Administracións deben garantir para que todas as persoas autistas e as súas familias poidan gozar dunha vida plena, como cidadás de pleno dereito.

“Not.invisible”¿Manifesto.polos.dereitos.e.a.inclusión.das.persoas.autista¹:

Estímase que sete millóns de persoas en Europa son autistas, 500.000 das cales residen no noso país. A miúdo descríbense como persoas cunha “discapacidade invisible”, pero as barreiras ás que se enfrontan son moi reais: discriminación en todos os eidos da vida, falta de apoios adecuados, servizos inaccesibles, prexuízos... Con demasiada frecuencia, as persoas autistas seguen *sen ser vistas, sen ser escoitadas e sen seren tidas en conta* nas políticas e prácticas a nivel europeo, nacional e rexional.

Por iso, este 2026 seguimos reclamando xunto a Autismo Europa que as persoas autistas sexan vistas e recoñecidas como titulares de dereitos, cidadás e contribuíntes. É dicir, que as persoas encargadas da toma de decisións políticas teñan en conta as súas prioridades na seguinte fase da Estratexia Europea sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Ser visibles significa:

- Ser recoñecidas como expertas nas nosas propias vidas.
- Estar representadas de maneira veraz e respectuosa, e ser comprendidas e escoitadas en todos os ámbitos da sociedade.
- Poder vivir na comunidade con elección, dignidade e apoios.
- Ter as mesmas oportunidades para aprender e traballar.
- Acceder aos servizos e participar en igualdade de condicións en toda Europa.

¹ Adaptación do Manifesto de Autismo Europa a cargo de Autismo España

Neste sentido, xunto a Autismo Europa, reclamamos:

1. Contar coas persoas autistas:

- A participación das persoas autistas e das organizacións que as representan no deseño, a implementación e o seguimento das políticas públicas.
- Que os Estados membros cambien os réximes de tutela por sistemas de apoios para a toma de decisións que respecten a capacidade xurídica de todas as persoas autistas.

2. Maior sensibilización e loita contra a desinformación

- Campañas de sensibilización con representación inclusiva das persoas autistas, incluídas aquelas con grandes necesidades de apoio.
- Medidas activas para combater a desinformación e as falsas crezas sobre o autismo.
Formacións obrigatorias para as persoas profesionais de servizos específicos de autismo e de servizos xerais, baseadas na evidencia e nos dereitos.

3. Apoios ao longo de todo o ciclo vital

- A implementación efectiva das estratexias de desinstitutionalización, respaldadas por financiamento e seguimento a nivel da Unión Europea.
- Investimento en servizos de apoio de calidade, específicos e centrados na persoa, dispoñibles na comunidade ao longo de todo o ciclo vital.
- Recoñecemento e apoios adecuados para as persoas coidadoras informais, incluído o acceso ao respiro, protección de ingresos e dereitos de pensión.

4. Apoios en educación e emprego:

- Investimento en sistemas de educación inclusiva, con apoios adecuados, persoal formado e contornos de aprendizaxe accesibles.
- Medidas de emprego específicas para as persoas autistas, incluídos apoios personalizados, procesos de selección accesibles e formación para as persoas empregadoras.

5. Promoción da accesibilidade e a mobilidade:

- Unha aplicación estrita e a ampliación das normas de accesibilidade, incluída a accesibilidade cognitiva.
- O desenvolvemento de principios harmonizados para a valoración da discapacidade e o recoñecemento mutuo da condición de discapacidade en toda a UE.
- Información accesible e procedementos administrativos simplificados para a mobilidade transfronteiriza.

Da visibilidade ao cambio

Desde Autismo Europa e Autismo España instamos aos decisores políticos a nivel europeo, nacional e rexional a actuar e traballar coas persoas autistas e as organizacións que as representan, para garantir que ninguén quede atrás.

Porque as persoas autistas non deben ser invisibles. Teñen dereito a seren recoñecidas, valoradas e apoiadas en todos os aspectos da vida. E esa visibilidade debe traducirse en dereitos, recursos e cambios reais na vida das persoas.

A cidadanía debe coñecer e comprender a singularidade do autismo e a súa ampla variabilidade, desterrando os mitos que persisten. Precísase máis información, menos xuízos e máis apoios para construír unha sociedade na que as persoas con autismo poidan participar en igualdade de condicións e coas mesmas oportunidades. É hora de actuar.

2 de abril de 2026